



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

INSCRICIÓN COMPOSTAXE DOMÉSTICA.

O Concello de Touro foi perceptor dunha subvención ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresíduos, aceites de cociña usados e téxtiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión EuropeaNextGenerationEU.

O proxecto aprobado polo Concello ten como obxectivo impulsar a compostaxe doméstica e comunitaria no municipio de Touro, mellorando a xestión de biorresíduos e promovendo a súa reutilización a través da compostaxe. O proxecto inclúe a entrega de 70 composteiros novos, ademais de atender aos 80 composteiros xa repartidos previamente. As visitas de formación de compostaxe realizaranse tanto aos composteiros existentes como aos novos, facendo un seguimento do proceso de compostaxe.

Ademais, o proxecto implanta a compostaxe comunitaria en cada un dos 21 cemiterios do municipio, aproveitando os restos vexetais das flores levadas polos veciños para utilizalos como material estruturante no proceso de compostaxe. Este enfoque tamén permite reforzar a implicación da comunidade no coidado e a mellora do entorno local.

Por medio da presente ábrese o prazo para que as persoas interesadas en recibir un composteiro se inscriban no Rexistro Concello de Touro.

O prazo estará aberto ata o 26 de setembro de 2025.

A entrega de composteiros realizarase por estrita orde de inscrición.

Os requisitos para participar inclúen: estar empadroados no concello de Touro ou ser titular dunha vivenda unifamiliar do municipio con horta ou xardín e comprometerse a acudir a unhas xornadas formativas para aprender a técnica da compostaxe.

Coa entrega dos composteiros (previsión última semana de setembro, primeira semana de outubro) realizarase unha formación, ademais haberá postos informativos.

Touro na data da sinatura electrónica á marxe

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente